

# Convocatoria 2019 para o recoñecemento de boas prácticas de Calidade nos Centros da USC

## ANEXO: Solicitud de participación na convocatoria

**Centro proponente:** Facultade de Filoloxía.

**Denominación da práctica:** Apoio a estudantes de mobilidade entrante (PC-03).

**Datas de desenvolvemento da práctica:** Trátase dun conxunto de medidas e actuacións que se desenvolven ao longo de todo o ano e que veñen aplicándose desde o curso 2012-2013 ata a actualidade.

### Breve descripción da práctica

Presentamos un conxunto de medidas e actuacións para a atención e apoio a estudantado de mobilidade entrante, tanto no que se refire ao ámbito académico como ao de información e xestión. Este conxunto de boas prácticas, que se vén desenvolvendo desde o curso 2012-2013 e ampliando ao longo dos últimos anos, deriva dunha prolongada e intensa experiencia do Centro no acollemento dun elevado número de estudantes de mobilidade.

Nos últimos anos incrementouse de forma considerable o número de estudantes de mobilidade entrante que non posúen o nivel de lingua española/galega axeitado para o seguimento das materias regulares dos plans de estudos dos nosos títulos de grao. Co fin de atender as particulares necesidades de formación deste alumnado, acometéronse diversas medidas e actuacións nos seguintes ámbitos:

#### 1. Acollida, orientación e atención continuada ao estudantado de mobilidade entrante:

- a. [Sesións de benvida](#) para os estudantes de intercambio (ao inicio de cada un dos cuatrimestres).
- b. Horario de atención personalizada aos estudantes procedentes de universidades chinesas por parte dun intérprete de enlace (primeiras semanas do primeiro e do segundo cuatrimestres).
- c. Atención continuada durante todo o curso a través dun horario de titorías da Responsable Académica de Mobilidade.
- d. Información actualizada na [web propia](#) (formularios, oferta de materias etc.) e [versión en inglés](#) da información relativa ás materias ofertadas segundo o nivel de competencia lingüística do estudantado.

## 2. Adaptación curricular:

En 2012-2013 a Facultade recibiu, por primeira vez, un gran número de estudantes procedentes de universidades chinesas a través de programas de captación da USC (arredor de 100). Este alumnado mostraba unha notable falta de competencia lingüística que provocou frecuentes problemas e queixas por parte do profesorado e do alumnado, tanto propio como de mobilidade. Co fin de dar solución a estas dificultades, ese mesmo curso a Facultade comezou a deseñar unha serie de actuacións encamiñadas a facilitar a incorporación e integración destes estudantes no programa formativo do Centro. Así, desde 2013-2014 ata 2018-2019 implementáronse as seguintes actuacións:

- a. Oferta dunha [listaxe de materias recomendadas](#), seleccionadas entre as ofertadas nos distintos plans de estudo dos graos da Facultade, axeitadas ao nivel lingüístico de entrada destes estudantes.
- b. Creación de grupos específicos nalgúñas destas materias para os estudantes cun nivel de lingua española/galega inferior a B2 cun [horario](#) adaptado (denominados 'grupos de nivelación').
- c. Como complemento ao anterior, oferta das materias [Lingua, Literatura e Cultura Galegas I](#) e [Lingua, Literatura e Cultura Galegas II](#), deseñadas especificamente para este tipo de estudantado (implantadas no curso 2014-2015).

### Breve avaliación da eficacia da práctica

Este conxunto de medidas contribuíron a solucionar o problema provocado pola chegada dun elevado número de estudantes de mobilidade que carecían do nivel de lingua suficiente para seguir o desenvolvemento normal das clases co aproveitamento desexable. As distintas actuacións contribuíron e seguen contribuíndo á mellora continua da actividade docente do Centro e da xestión da mobilidade entrante.

As actuacións descritas no apartado anterior véñense desenvolvendo no Centro desde o curso 2012-2013 ata o actual curso 2018-2019. A súa revisión e a avaliación dos resultados realizáronse anualmente a través dos informes de seguimento e de renovación da acreditación dos distintos títulos de grao da Facultade, de onde derivaron os axustes e melloras necesarios.


Podemos destacar as seguintes evidencias da súa eficacia:

1. Diminución das queixas recibidas no Decanato ou manifestadas nos distintos órganos de goberno do Centro por parte do PDI da Facultade.
2. Incremento do grao de satisfacción global do estudantado de mobilidade entrante (IN16C-PC-08). Por unha banda, os indicadores presentan unha mellora continuada da media do Centro desde o curso 2013-2014. Por outra

banda, a satisfacción dos estudantes de mobilidade entrante da Facultade supera a media da USC desde o curso 2016-2017:

Curso	Media Centro	Media USC
Curso 2013-2014	4,06	4,24
Curso 2014-2015	4,14	4,33
Curso 2015-2016	4,19	4,35
Curso 2016-2017	4,36	4,11
Curso 2017-2018	4,32	4,13

**Táboa 1: Grao de satisfacción xeral sobre o programa de mobilidade**



3. Así mesmo, a satisfacción deste alumnado co nivel e atención recibida por parte do profesorado foi mellorando de maneira continuada nos últimos cursos, superando tamén a media da USC nos dous últimos (5040\_INF.05\_2017-2018):

Curso	Media Centro	Media USC
Curso 2013-2014	3,57	3,85
Curso 2014-2015	3,53	3,79
Curso 2015-2016	3,71	3,95
Curso 2016-2017	3,88	3,53
Curso 2017-2018	3,91	3,76

**Táboa 2: Nivel e atención do profesorado**



4. Excelente acollida das materias de lingua, literatura e cultura galegas creadas *ad hoc* para estudantes de mobilidade entrante mencionadas anteriormente, en particular da materia de nivel básico, *Lingua, Literatura e Cultura Galegas I*. A boa acollida desta materia entre o estudiantado queda reflectida no incremento continuado das cifras de matrícula desde a súa posta en marcha (cfr. Táboa 3: 62 no curso 2015-2016 a 104 no curso 2017-2018), así como nos resultados das enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, que amosan índices superiores ás medias das materias impartidas na Facultade de Filoloxía, da titulación, da rama de Artes e Humanidades e da USC. A materia *Lingua, Literatura e Cultura Galegas II* mostra, así mesmo, índices de satisfacción moi elevados, superiores ás outras medias (cfr. Táboa 4).

	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Estudantes matriculados	62	91	104
Nº de enquisas cubertas	42	58	77
Índice de satisfacción	4,61	4,92	4,83
Media materias Fac. de Filoloxía	4,09	4,02	4,04
Media titulación	4,09	4,15	4,11
Media Artes e Humanidades	4,02	3,94	3,98
Media USC	3,97	3,85	3,88

Táboa 3: Participación e satisfacción da materia *Lingua, Literatura e Cultura Galegas I*

	2015-2016	2016-2017	2017-2018
Estudantes matriculados	14	13	6
Nº de enquisas cubertas	9	8	3
Índice de satisfacción	4,46	4,91	4,62
Media materias Fac. de Filoloxía	4,09	4,02	4,04
Media titulación	4,09	4,15	4,11
Media Artes e Humanidades	4,02	3,94	3,98
Media USC	3,97	3,85	3,88

Táboa 4: Participación e satisfacción da materia *Lingua, Literatura e Cultura Galegas II*